

COMEZA A CAMPAÑA DE VACINACIÓN ANTIGRIPIAL NO PERSOAL SANITARIO

O día 7 de outubro comeza a campaña de vacinación antigripal en sanitarios, unha semana antes que no resto da poboación. Na campaña do 2018, na que se adiantou por primeira vez a vacinación para este colectivo, observouse un 7% máis de vacinados do que se rexistrara na campaña de 2017 (ao pasar dun 38'85% a un 46'04%), superándose en 6 puntos o obxectivo marcado (> 40 %).

Comparando os datos da campaña de 2018 cos do ano anterior, e desagregándoos por lugar de traballo, en atención hospitalaria vacinouuse un 42'01 % do persoal sanitario, fronte ao 35'63 % da campaña anterior; e en atención primaria un 55'27 %, fronte ao 46'35 %.

A vista destes datos, este ano, un dos obxectivos específicos da campaña e conseguir una cobertura vacinal nos traballadores sanitarios do SERGAS superior ao 50%.

A vacinación antigripal para a poboación xeral que a ten recomendada [\[ligazón\]](#) comezará o día 14 de outubro e estenderase ata o 27 de decembro.

Como novidades destacan a indicación da vacina antigripal en nenos de entre 6 meses e 2 anos de idade que naceron prematuros (de menos de 32 semanas de xestación), e en persoas con calquera trastorno de coagulación.

Ademais, este ano recoméndase o emprego da vacina adxuvada (Chiromas®) para todas as persoas de 65 ou máis anos de idade, estean ou non ingresadas en residencias; a vacina tetravalente de cultivo celular (Flucelvax tetra®) para os de 15 a 64 anos, e para as mulleres embarazadas deste rango de idade; e a de cultivo en ovos embrionados (Vaxigrip tetra®) para os grupos de idade de 6 meses a 14 anos. Máis información na web da gripe da DXSP [\[ligazón\]](#).

NECESIDADE DE VACINACIÓN ANTIGRIPIAL ANUAL EN PACIENTES ONCOLÓXICOS

A esperanza de vida cada vez maior da poboación e a mellora na supervivencia dos pacientes con tumores de órgano sólido (TOS) aumenta a incidencia e prevalencia das enfermidades oncolóxicas nos pacientes anciáns nos países desenvolvidos.

A súa maior idade fai que a comorbilidade e situación basal do paciente xoguen un papel fundamental na súa supervivencia.

As infeccións son a principal causa non tumoral de falecemento destes pacientes e a gripe condiciona tanto unha morbi-mortalidade nada desprezable coma un risco de presentación de abrochos nosocomiais, entre outras nas plantas de oncoloxía, que atentan a seguridade destes pacientes durante o seu ingreso.

Por iso, para prever a infección e/ou diminuír o risco destas complicacións recoméndase a vacinación anual antigripal en todos os pacientes oncolóxicos en tratamento.

Débase intentar vacinar antes de iniciar a quimioterapia, e de

non ser posible no día +7 postquimioterapia.

A seguridade non está posta en dúbida coa quimioterapia, pero tense especulado co risco de efectos secundarios inmunomediados aínda que unha recente revisión de casos/controis de pacientes en tratamento con Nivolumab non demostra un aumento do risco dos mesmos.

A pesar das recomendacións, os pacientes oncolóxicos con TOS teñen unha adherencia baixa á vacinación (<30%), polo que compre recordarlle ao paciente a importancia da vacinación no seu caso.

Ademais, para evitar a difusión da gripe e previr abrochos, tanto familiares como intrahospitalarios, a vacinación dos conviventes e de todo o persoal sanitario responsable do coidado destes pacientes son medidas básicas de prevención, nas que o médico de familia ten un papel fundamental.

O texto deste resumo pódese consultar na páxina web da gripe da DXSP: [ligazón](#).

CASO DE DENGUE DE ORIXE AUTÓCTONA EN CATALUÑA

No ano 2018 notificáronse en España os primeiros tres casos de dengue autóctono [\[ligazón\]](#), algo que en Francia ocorrera xa en 2010.

Como xa se sabe, España reúne as condicións necesarias para que aparezan casos autóctonos, xa que se ten constancia da presenza de casos importados e do vector transmisor (*Ae. albopictus*), tal e como xa recolleu no seu momento [Venres Epidemiolóxico](#).

No momento actual, o vector *Ae. albopictus* está establecido en concellos das comunidades autónomas de Cataluña, Aragón, Comunidade Valenciana, Rexión de Murcia, Baleares,

Andalucía e País Vasco. Tamén se detectou recentemente en municipios de Extremadura e da Comunidade de Madrid.

Neste contexto, en setembro de 2019, Cataluña notificou un caso de dengue autóctono, nunha muller de 33 anos que referiu que non saíra de España nos últimos dous anos.

De todos os xeitos, neste período do ano, no que a actividade vectorial está diminuíndo, o risco de adquirir a enfermidade é baixo mesmo nas áreas onde o vector está presente.

En Galicia aínda non se detectou a presenza do vector polo que o risco, no momento actual, considérase moi baixo.